

Traballadores de Ambulancias do Eume suspenden as horas extras en protesta polos atrasos salariais

CIG :: 13/05/2015

O persoal sofre continuos atrasos no cobro dos salarios e nestes momentos a empresa ten pendente de pagarlle as nóminas de xullo, agosto, setembro e outubro do pasado ano

A empresa, que presta o servizo do 061 en Pontedeume, Ares, Mugardos e Monfero, está en concurso de acredores

A FGAMT-CIG compareceu este martes en rolda de prensa para informar da situación laboral que están a padecer os traballadores de Ambulancias do Eume, que presta o servizo do 061 en Pontedeume, Ares, Mugardos e Monfero. O persoal sofre continuos atrasos no cobro dos salarios e nestes momentos a empresa -que está en concurso voluntario de acredores- ten pendente de pagarlle as nóminas de xullo, agosto, setembro e outubro do pasado ano.

Ambulancias do Eume presta o servizo do 061 nos Concellos de Ares, Mugardos, Cabanas, Monfero e Pontedeume.

O responsábel de Transportes da CIG, Xesús Pastoriza, acompañado de Francisco Cartelle, explicou que a nefasta xestión do empresario e a acumulación de débedas coa Seguridade Social, Facenda, os traballadores, os provedores e incluso coa UTE na que está integrada, levaron á situación concursal actual.

Porén, dende que o pasado mes de febreiro o administrador nomeado polo Xulgado do Mercantil da Coruña se fixera cargo da xestión de Ambulancias do Eume, os atrasos no pago dos salarios continúan. “E iso que o administrador se comprometeu coa CIG e co delegado de persoal a que o abono das nóminas se ía facer puntualmente”, apunta Pastoriza.

A este respecto engade que, a pesar de que a Fundación 061 ingresou o pasado 18 de abril as cantidades correspondentes aos servizos de marzo, “non foi até hoxe que o administrador ordenou o ingreso dos salarios, curiosamente o día que tiñamos convocada rolda de prensa. Este tipo de atrasos inxustificables non os entendemos”, critica.

Aos atrasos, haille que sumar as catro nóminas que a empresa aínda ten pendentes de pagar, correspondentes aos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2014. Sobre isto, Xesús Pastoriza indicou que o administrador concursal tamén se comprometeu hai un mes a entregar as certificacións aos traballadores para que poidan acudir ao FOGASA reclamar as cantidades, “pero segue sen facilitalas”.

Medidas de presión

Á vista dos reiterados incumprimentos, os traballadores acordaron unha serie de medidas para facer fronte a unha situación que cualifican de “insostíbel”. En primeiro lugar, vanse

persoal no Xulgado do Mercantil 1 da Coruña poder acceder a toda a documentación relativa ao proceso, mais tamén para trasladar as queixas polas actuacións do administrador nomeado. “E non descartamos pedir a súa revogación”, advertiu o representante da CIG.

Doutra banda, os traballadores van suspender a realización de horas extraordinarias. Decisión que comunicarán mediante escrito ás partes implicadas: empresa, 061, UTE e administración concursal. A negativa a traballar por riba da xornada mensual máxima establecida (160 horas ordinarias e 50 de presenza) podería supor “que cara a finais de mes a ambulancia quede inoperativa e o servizo de urxencias sanitarias de Pontedeume, Ares, Mugardos e Monfero sen cobertura”.

Neste senso, Pastoriza subliñou que até o de agora o servizo foi atendido á perfección porque “o persoal estivo facendo traballo moi por riba do que lle corresponde. Pero a situación é insostíbel: débenlle salarios, dietas, horas, sofren atrasos nos cobros e mesmo se atopan con problemas para coller as vacacións”.

Para garantir o respecto das condicións dos traballadores e a prestación do servizo de transporte sanitario urxente nesta zona, dende a FGAMT-CIG demándase a intervención inmediata tanto da Fundación 061 como da Administración concursal “e que non continúen permitindo esta situación na empresa”.

<https://galiza.lahaine.org/traballadores-de-ambulancias-do-eume>